

CONCELLOS

LUGO

Anuncio

Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no concurso para a provisión do posto de Xefe/a de Contatación no Excmo. Concello de Lugo, e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO:

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 2 de outubro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo 9/432 BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.
- Polo Decreto Nº: 9250/2024 do 10/10/2024 resolveuse convocar o concurso para a provisión do posto de Xefe/a do Servizo de Contratación no Excmo. Concello de Lugo.
- Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 239, de 160 de outubro de 2024.
- Foi publicado extracto de dita convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número 236, de 9 de decembro de 2024.
- O anuncio para prover a prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 305, do 19 de decembro de 2024.
- Con data do 14 de xaneiro de 2025 rematou o prazo de presentación de solicitudes.
- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 20 de Febreiro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

O Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece no seu artigo 78 que:

“1. As Administracións Públicas proverán os postos de traballo mediante procedementos baseados nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

2.A provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.”

No mesmo senso, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia establece no seu artigo 88.1 que *“Os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira proveranse de forma ordinaria polo procedemento de concurso, ordinario ou específico, ou de libre designación con convocatoria pública, de acordo con o que figure na relación de postos de traballo e con respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.”*

Na provisión de postos de traballo prevese o concurso como sistema normal de provisión, no que se terán unicamente en conta os méritos esixidos na correspondente convocatoria, entre os que figurarán os axeitados ás características de cada posto de traballo, así como a posesión dun determinado grao persoal, a valoración do traballo desenvolvido, os cursos de formación e perfeccionamento superados e a antigüidade.

Tendo en conta o anteriormente exposto, segundo as atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, propónse ao Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos internos, a adopción da seguinte **RESOLUCIÓN:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no concurso para a provisión do posto de XEFE/A DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS:

Apelidos e Nome	DNI
FLORES PARDO, MARIA CARMEN	***5805**
MASEDA MALLO, ALEJANDRO	***6137**

MENDEZ LEIVA, JUAN ESTEBAN	***4302**
PEDROUZO DEVESA, PEDRO FELIPE	***2352**

EXCLUIDOS/AS:

Apelidos e Nome	DNI	Motivo de Exclusión
GIL CALLE, FERNANDO	***9868**	(1)

(1): Non ser funcionario de carreira de calquera Administración pública con praza en propiedade ou funcionarios/as de carreira de todas as administracións públicas, pertencente á escala, subescala e grupo establecida no anexo I cunha **antigüidade mínima de tres anos** como persoal funcionario de carreira.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 20 de febreiro de 2025.- O Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, D. Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 0494

MURAS

Anuncio

Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO)

O Pleno deste concello, en sesión extraordinaria celebrada o 12 de febreiro de 2025 acordou aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO).

Tendo en conta o disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local, e no artigo 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de 30 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, con obxecto de que poidan examinar e presentar as reclamacións/alegacións que se estimen oportunas.

De non se presentar reclamacións/alegacións no citado prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación da mencionada ordenanza.

O texto íntegro pode consultarse na sede electrónica do Concello de Muras:

<https://muras.sedelectronica.gal/portal de transparencia>

Muras, 20 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0495

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE FUNCIONARIO INTERINO MEDIANTE NOMEAMENTO POR PROGRAMAS DE CARÁCTER TEMPORAL FINANCIADO CON CARGO AO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS – PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2025

POSTO DE TRABALLO: 1 RESPONSABLE DE COMUNICACIÓN

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello da Pobra do Brollón ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP.